

Educación Primaria

6º nivel

Programación didáctica

CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL

CURSO: 2019- 2020

INDICE

	Apartado	Páx.
1.	Introdución e contextualización	
2.	Obxectivos xerais de Educación Primaria	
3.	Competencias Clave	
4.	Áreas	
4.1	Lingua Castelá e Literatura	
4.2	Matemáticas	
4.3	Ciencias da Natureza	
4.4	Ciencias Sociais	
4.5	Valores Sociais e Cívicos	
4.6	Lingua Galega e Literatura	
5.	Materiais e recursos didácticos	
6.	Procedementos e instrumentos de avaliación	
7.	Procedementos para avaliar a propia programación	
8.	Mínimos esixibles	
9.	Medidas de recuperación para alumnado con áreas pendentas	
10.	Medidas de atención á diversidade	
11.	Programación de educación en valores	
12.	Accións de contribución ao Proxecto Lector	
13.	Accións de contribución ao Plan TIC	
14.	Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico	
15.	Accións de contribución ao Plan de Convivencia	
16.	Actividades Complementarias e Extraescolares	

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación, no contexto pedagóxico, é o conxunto de accións que transforman as intencións educativas mais xerais en propostas didácticas concretas que permiten acadar os obxectivos e as competencias propostas.

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo na educación primaria e a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, pasamos a presentar a programación docente para o alumnado de 6º nivel de Educación Primaria do colexio CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal ubicado en Santa Cruz, concello de Oleiros. O grupo está composto por 48 alumnos/as distribuídos/as en dúas aulas unha con 25 alumnos/as e outra con 23 alumnos/as.

Os/as profesores/as tutores/as son:

- Carmen Ríos Fachal (titora de 6ºA).
- Rosario Martínez Pérez (titora de 6ºB)

Os/as mestres especialistas adscritos/as a este nivel de Educación Primaria para o presente curso 2019 – 2020 son:

- Ana Balado González: L.Inglesa
- Alba Suárez Varela: E.Plástica.
- José Luis Alamancos Couso: Música.
- Begoña López López: especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Manuel Sande Rey: Educación Física.
- Mª Esperanza García Pernas: Relixión católica

O noso Centro está acollido á Rede de Centros Plurilingües de Galicia e neste nivel educativo impártese Educación Plástica en lingua inglesa.

No sexto curso de E.P. hai alumnos/as con NEAE e de incorporación tardía ao noso centro educativo que son atendidos/as polas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica.

COORDINADORA de nivel: Carmen Ríos Fachal.

2. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACION PRIMARIA

Dacordo coa Lei Orgánica 8/2013 e o Decreto 105//2014, a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no contorno familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con minusvalidez.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a castelá, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Conocer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os contornos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3. COMPETENCIAS CLAVE

INDICADORES E DESCRITORES DE 1ª E 2ª AVALIACIÓNS (algúns indicadores e descritores tamén na 3ª aval.)

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.

	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Disfrutar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expressar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. • Elaborar traballos con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades propias. • Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos

	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	---	--

4. ÁREAS

4.1 ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás que conteñan elementos matemáticos. Ofrece a posibilidade de usar a actividade matemática en contextos variados empregando a linguaxe como instrumento para comunicarse e expresarse.

Os descritores que empregaremos fundamentalmente na área de Lingua Castelá serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigurosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera asignatura.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas. Trataremos de que adquiren as destrezas comunicativas no uso da linguaxe. Será unha prioridade dotar ao alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle asegure un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos na área de Lingua Castelá e Literatura serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Castelá e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través das diferentes áreas podemos coñecer o mundo no que vivimos, o contorno que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia na área de Lingua Castelá e Literatura son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Lingua Castelá e Literatura permítenos desenvolver actitudes e valores que nos axudarán a desenvolvernos na sociedade en que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un destes descritores:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e na resolución de conflitos.
- Amosar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo con aquilo que consideramos. Dende todas as áreas se ve a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia na área de Lingua Castelá e Literatura son:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar recursos necesarios e pasos sinxelos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Lingua Castelá e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de empregar a lingua. Será necesario iniciar ao alumnado no adestramento de diferentes habilidades de emprendemento como forma de consolidar distintas ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores a adestrar na área de Lingua Castelá e Literatura son:

- Optimizar recursos persoais par iniciar ou promover acción novas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades cos coñecementos previos da unidade.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover acción novas.

CONCRECIÓN CURRICULAR

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.9. Identificación da finalidade comunicativa de textos de diferentes tipoloxías: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos) Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.	B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	<p>LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.</p> <p>LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC • CSIEE
B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.	B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	<p>LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.</p> <p>LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC
B2.3. Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo o seu tipoloxía.	B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
B2.5. Lectura, en silencio, e comprensión de distintos tipos de texto.	B2.3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.	LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.6. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.	B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos	LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

	distintos tipos de textos.	texto.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA
<p>B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.</p> <p>B2.9. Selección de libros segundo o gusto persoal.</p>	B2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	<p>LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.</p> <p>LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
B2.13. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.	B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	<p>LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información.</p> <p>LCB2.9.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
<p>B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación, parénteses, etc). Acentuación.</p> <p>B3.4. Orde e presentación.</p>	B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	<p>LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p> <p>LCB3.1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA • CAA • CSIEE
<p>B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura...).</p> <p>B3.6. Revisión e mellora do texto.</p>	B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	<p>LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.</p> <p>LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC
B3.2. Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal e puntuación.	B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

B4.12. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.	B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.	B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE • CCEC
B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.	B5.5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.	LCB5.5.2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC

METODOLOXÍA

APLICADA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptada na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

A integración das TIC debe orientar a aprendizaxe da lingua cara á mellora dos usos comunicativos. O uso das TIC nas actividades de ensino aprendizaxe debe darse no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas teremos en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado.

En canto á avaliación, é recomendable a utilización de diferentes técnicas como debates, solución de problemas contextualizados e probas específicas.

A implicación das familias non proceso de ensino-aprendizaxe é un factor a potenciar, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dase tanto desde os ámbitos formais coma nos informais e non formais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

A situación de sociedade multilingüe na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo dos nenos e nenas nas linguas que vaian adquirindo ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola. Evitarase a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos.

4. 2 ÁREA DE MATEMÁTICAS

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o entramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, entréñanse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos/as a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de maneira global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes pilares que permiten describirla dunha maneira máis precisa

O indicador sigue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos nos que se chaman descritores da competencia que «describen» ao alumno competente neste ámbito.

O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos entrenar e avaliar de maneira explícita, será concreto e obxetivable; indícanos que debemos entrenar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciales definido para o proxecto aplicable a toda asignatura.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, emprendemento e a educación cívica e constitucional serán traballadas desde todas as áreas posibilitando fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos/as aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos/as con estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta as súas necesidades.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Os contidos da área de Matemáticas oriéntanse de xeito prioritario a garantir o desenvolvemento da competencia matemática en todos os seus aspectos. Esta competencia está presente na comprensión dos números e as súas operacións, así como no uso de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenvolver razoamentos, construíndo conceptos e avaliando a veracidade das ideas expresadas; na habilidade para identificar os elementos matemáticos que se agochan detrás dun problema, tamén cando empregamos os coñecementos e as destrezas propias da área nas situacións que así o requiren, tanto para obter conclusións como para tomar decisión con confianza. É preciso destacar que a contribución da competencia matemática

lógrose na medida en que a aprendizaxe dos contidos vai dirixida a súa utilidade para enfrentarse as múltiples ocasións en que os nenos e nenas han de empregar as matemáticas fóra da aula.

O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe ás competencias en ciencia e tecnoloxía porque fai posible unha mellor comprensión e unha descripción máis axustada da contorna. Co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), o alumnado mellora a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espacio, o que lles vai ser de utilidade no uso de mapas, planificación de rutas, deseño de planos, etc. A través da medida coñecerán mellor o seu entorno podendo interactuar e transmitir información máis precisas sobre os aspectos cuantificables deste.

A destreza no uso de representacións gráficas para interpretar a información aporta unha ferramenta valiosa para coñecer e analizar a realidade.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente na área de Matemáticas serán:

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre *ciencia e tecnoloxía* para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera asignatura.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática

Comunicación lingüística

Para fomentar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística desde a área de Matemáticas débese insistir en dous aspectos: por unha parte a incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual, á adecuada precisión no seu uso e á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade, por outra parte, é necesario incidir nos contidos asociados a descripción verbal dos razoamentos e dos procesos. Trátase tanto de facilitar a expresión como de propiciar a escoita das explicacións dos demais, o que desenvolve a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: órdenes, explicacións, indicacións, relatos.
- Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de asignaturas diversas.

Competencia dixital

As matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporcionan destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Por outra parte, a través dos contidos do bloque cuxo nome é precisamente tratamento da información se contribúe á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. O uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos está tamén unida ao desenvolvemento da competencia dixital.

Entrenaremos os seguintes descritores:

- Seleccionar o uso das distintas fontes según a súa fiabilidade.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

As matemáticas contribúen á competencia conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de empregar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Os descritores que entrenaremos nesta competencia son:

- Amosar respecto polas obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá.

Competencias sociais e cívicas

Os contidos de Ciencias Sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, produción, etc.) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos sobre o valor das cousas e climogramas abórdanse desde a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica. A aportación a esta competencia adquire unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular a hora de empregar estratexias persoais de resolución de problemas.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o entramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións con un fin social.

Aprender a aprender

O carácter instrumental dunha parte importante dos contidos da área proporciona valor para o desenvolvemento da competencia aprender a aprender. A miúdo é un requisito para a aprendizaxe a posibilidade de empregar as ferramentas matemáticas básicas ou comprender informacións que usan soportes matemáticos. Para o desenvolvemento desta competencia é preciso incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseverancia e o esforzo ao abordar situacións de crecente complexidade, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do traballo propio. Por último, a verbalización do proceso seguido na aprendizaxe, contido que aparece con frecuencia neste currículo, axuda á reflexión sobre o que se aprendeu, o que falta por aprender, como e para que, o que potencia o desenvolvemento de estratexias que facilitan aprender a aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A resolución de problemas ten, polo menos, tres vertientes complementarias asociadas ao desenvolvemento desta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A planificación está aquí asociada á comprensión en detalle da situación plantexada para trazar un plan, buscar estratexias e tomar decisións; a xestión dos recursos inclúe a optimización dos procesos de resolución; por último, a avaliación periódica do proceso e a valoración dos resultados permiten facer fronte a outros problemas ou situacións con maiores posibilidades de éxito. Na medida en que a ensinanza das matemáticas incida nestes procesos e se plantexen situacións abertas, verdadeiros problemas, mellorarase a contribución da área a esta competencia. Actitudes asociadas á confianza na propia capacidade para enfrentarse con éxito a situacións incertas están incorporadas a través de diferentes contidos do currículo.

Neste caso, os descritores a entrenar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CCL • CAA • CSIEE • CD
B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.	B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	<p>MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.</p> <p>MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE • CD
<p>B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.</p> <p>B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.</p> <p>B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p>	B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CCL
B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.	B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CCL

<p>B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</p> <p>B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</p>	<p>B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado</p>	<p>MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
<p>B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras.</p> <p>B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.</p>	<p>B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
<p>B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá</p>	<p>B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p> <p>MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CCL • CSIEE
<p>B.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.2. Realización de medicións</p>		<p>MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA

B3.12. Resolución de problemas de medida.	B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE
B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.	B4.5. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.	B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA

METODOLOXÍA

APLICADA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptada na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.

A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

Os métodos utilizados deben partir da perspectiva do profesorado como persoal orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que deberemos xerar neles e nelas a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O traballo por proxectos axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Aplicaremos diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como por exemplo mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, solución de problemas...

Elaboraremos diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Tentaremos potenciar a implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

4.3 ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder darlles resposta ás súas necesidades.

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade. Así mesmo, contribúe de xeito significativo á educación para a sustentabilidade, desenvolvendo habilidades e competencias que fomentan o uso responsable dos recursos naturais, a conservación da diversidade natural, o consumo racional, a protección da saúde individual e colectiva, a repartición equitativa da riqueza e a solidariedade global e interxeracional.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Respeitar e preservar a vida dos seres vivos e do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicarlle as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, xa que logo, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe na área.

O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral coma a escrita, a gráfica ou a simbólica. É importante o vocabulario específico utilizado pola área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na medida que, nos intercambios comunicativos se valore a claridade, exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc..., estarase desenvolvendo esta competencia.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respeitar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio. Ademais é unha

ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias da Natureza, require os coñecementos que lles permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida que os alumnos desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos grupais, así como no uso de novas metodoloxías como o traballo por proxectos ou as aprendizaxes baseadas en problemas que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado de modo que se potencien estas habilidades.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e xestión de proxectos de traballo ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e manter a autoestima e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área o traballo por proxectos ou a aprendizaxe baseada en problemas farán que o alumno adquiera todas estas destrezas.

Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais fronte a intereses persoais.

Aprender a aprender

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>B1.2. Emprego de diferentes fontes de información.</p> <p>B1.3. Lectura de textos propios da área</p>	B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	<p>CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).</p> <p>CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCT ▪ CAA
B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.	B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	<p>B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.</p> <p>B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adición.</p>	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSIEE
B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.	B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	<p>CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.</p> <p>CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE

<p>B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.</p> <p>B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.</p> <p>B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.</p>	<p>B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.</p>	<p>CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.</p> <p>CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
<p>B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</p>	<p>B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia</p>	<p>CNB4.4.1 Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.</p> <p>CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</p> <p>CNB4.4.4. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<p>B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.</p>	<p>B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.</p>	<p>CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.</p> <p>CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
<p>B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.</p>	<p>B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.</p>	<p>CNB5.2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE

B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade.	B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	<p>CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.</p> <p>CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
--	---	---	---

METODOLOXÍA

APLICADA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptada na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

Os contidos da área de Ciencias da Natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Fomentárase a estreita colaboración entre o profesorado no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre as aprendizaxes do alumnado.

Os contidos serán traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigación no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas e realización de debates sobre temas de actualidade.

A aprendizaxe cooperativa posibilitará a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigación, fomentará hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciará unha adecuada atención á diversidade.

Aplicarásese variedade de materiais e recursos para a avaliación do desempeño do alumnado (debates, xornais, probas, observación directa, resolución de problemas,...).

Potenciarásese a variedade de materiais e recursos considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso ensino aprendizaxe.

Nesta área cobra relevancia a aprendizaxe por descubrimento, que se basea na idea de que para aprender ciencia hai que facer ciencia, e aposta por unha construción activa de coñecemento por parte do alumnado. Este enfoque supón que os alumnos e as alumnas constrúen coñecemento polas súas interaccións co mundo material ou cos seres vivos. A función do docente é a preparación de materiais e situacións adecuadas a este obxectivo.

Podemos diferenciar os seguintes pasos na investigación na aula:

- a) Formular interrogantes sobre fenómenos e situacións do mundo natural que resulten de interese para o alumnado.
- b) Exposición dos seus coñecementos iniciais sobre o problema presentado.
- c) Discusión e acordo sobre o deseño da investigación.
- d) Desenvolvemento da investigación seguindo o deseño pautado.
- e) Procesamento significativo da información obtida, construíndo coñecementos que lles dean resposta adecuada aos problemas investigados.
- f) Formulación de novos interrogantes como resultado das observacións e experiencias realizadas.

4.4 ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Así mesmo ofrece o uso de ferramentas matemáticas, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, contribuindo así ao desenvolvemento da competencia matemática para a resolución de tarefas e problemas da vida cotiá. Ao mesmo tempo, debe potenciar a interacción co mundo físico, xa que moitas das aprendizaxes integradoras están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que o rodea. Así se vai desenvolvendo a competencia que permite interpretar o mundo físico, o achegamento ao método científico e tecnolóxico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso redor.

- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A área de Ciencias Sociais contribúe significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e, polo tanto, o desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Competencia dixital

Contribúe tamén de forma relevante, á Competencia dixital. En primeiro lugar, a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área, esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte histórica, esixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto de aprendizaxe, nesta área.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

A contribución da área á Competencia conciencia e expresións culturais céntrase no coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

Competencias sociais e cívicas

Respecto das competencias sociais e cívicas hai que considerar dous ámbitos. Por un lado as relacións próximas (a familia, os amigos/ás, os compañeiros/ás, etc.), que requiren favorecer a toma de conciencia persoal de emocións e sentimentos e o

desenvolvemento de actitudes de comunicación, diálogo, de resolución de conflitos con asertividade. Un segundo ámbito é aquel que transcende as relacións próximas ao alumnado, abordar o barrio, o municipio, a comunidade, o estado, a Unión Europea, etc. Comprender a súa organización, as súas funcións e os mecanismos de participación da cidadanía, vai máis alá dos aspectos conceptuais e require da aprendizaxe de destrezas sociais e actitudes.

Esta área convértese así nun espazo privilexiado para reflexionar sobre os conflitos, asumir responsabilidades con el respecto ao grupo, aceptar e elaborar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente coma nas propias do ámbito social en que se vive.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Aprender a aprender

A aprendizaxe das Ciencias Sociais contribuirá ao desenvolvemento da competencia aprender a aprender, mediante desenvolvemento de técnicas para tratar a información: a realización de resumos, esquemas ou mapas conceptuais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Por outra parte, a reflexión e a expresión oral e escrita sobre que se aprendeu, como e para que, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Inclúense contidos directamente relacionados co desenvolvemento da competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao ensinar a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de ocio.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.2.Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	B1.1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CCL • CD
B1.3.Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.	B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CCL • CMCCT • CSC
B1.9.Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información	B1.4.Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo	CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CSIEE • CSC • CCL • CMCCT
B1.14.Iniciativa emprendedora. Actividades de experimentación.	B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	<p>CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.</p> <p>CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
B2.10.A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da	B2.5.Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas	CSB2.5.1. Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do nosos	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CMCCT

contaminación.	necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.	planeta.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
B3.8.As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa.	B3.5. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.	<p>CSB3.5.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.</p> <p>CSB3.5.2. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CMTC • CCL
B3.11. Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.	B3.7. Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.	<p>CSB3 7.1. Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles.</p> <p>CSB3 7.2. Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CAA • CMCCT • CSC
B4.11. Noso patrimonio histórico e cultural.	B4.4. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	<p>CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</p> <p>CSB4.4.2. Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA
B4.13. Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.	B4.5. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	<p>CSB4.5.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.</p> <p>CSB4.5.2. Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA

METODOLOXÍA

APLICADA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptada na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

As orientacións metodolóxicas que guiarán os procesos de ensino aprendizaxe desta área, formarán parte de propostas pedagóxicas que consideren a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, empregará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

Planificaranse actividades para fomentar o desenvolvemento dos valores sobre a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Facilitarase á súa vez a adquisición de valores no alumnado que contribúan ao desenvolvemento social e equitativo a situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes. Complementaranse accións para un desenvolvemento adecuado dunha vida activa, saudable e autónoma, dándolle importancia á convivencia pacífica, a tolerancia, a prudencia, a autorregulación, o diálogo e a empatía.

A orientación da práctica educativa nesta área abordará a formulación de problemas de progresiva complexidade, desde formulacións descritivas cara a problemas que demanden análise e valoracións de carácter global, partindo da propia experiencia dos distintos alumnos e alumnas, e mediante a realización de debates e visitas a lugares de especial interese, entre outras.

A metodoloxía didáctica nesta etapa educativa será fundamentalmente activa, participativa e investigadora, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado na aula. Deberá integrar referencias á vida cotiá e potenciar o desenvolvemento das competencias básicas desde unha perspectiva transversal.

En cada bloque de contidos dos que se compón a área de Ciencias Sociais débese ter en conta algúns principios metodolóxicos globais: utilización de diferentes tipos de textos, cadros e gráficos, que sexan útiles para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos e explicar a súa distribución, a distintas escalas.

Terá especial interese que o alumnado aprenda a utilizar mapas e algunha representación gráfica adecuada para a identificación e a análise de procesos históricos. É importante que o alumnado desenvolva a curiosidade por coñecer as formas de vida humana no pasado e que valore a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. Neste bloque desenvólvese, a capacidade para valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, e asumir as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

Por outro lado, o alumnado do século XXI non pode estar afastado do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que eles propiamente coñezan onde residen as súas fortalezas. Estas fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **Teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Co **traballo** en grupo colaborador adestraranse as diferentes habilidades e destrezas para chegar á reflexión e o discernimento do desenvolvemento dunha vida social activa, respectuosa e enriquecedora.

Os contidos da área están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

4.5 ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos estudantes aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade do alumnado cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, resolución de problemas e xuízos morais, os problemas sociais e históricos.

Os descritores que podemos traballar serán:

- Interactuar co ámbito natural de forma respectuosa.

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos de textos escollidos para comentar na aula con dúas finalidades: mellorar a comprensión lectora e a adquisición de destrezas para a expresión escrita, e adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica, co fin de favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos. Trataremos desde esta área, que adquiran as destrezas comunicativas tanto orais coma escritas; para iso, procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, as normas ortográficas e as gramaticais para elaborar textos escritos.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa e con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento e á vez, nos ensine o seu uso responsable; a devandita competencia favorecerá dous tipos de traballo: autónomo e participativo, nos que se fomentará a identidade persoal e a relación interpersoal, respectivamente, desde

unhas bases sólidas nas que poidan empezar a xerar os seus propios criterios sobre situacións reais da sociedade na que viven.

Na área de Valores Sociais e Cívicos podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través desta competencia e desde esta área, posibilitase a adquisición de pautas sociais e cívicas persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha forma eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza nas expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Valores Sociais e Cívicos pídenos que se facilite a construción da identidade individual e se potencien as relacións interpersoais para favorecer a convivencia de acordo a valores cívicos socialmente recoñecidos, polo que esta competencia fomentará todos aqueles aspectos que axuden ao alumnado a formarse como persoas e cidadáns participativos na mellora e no desenvolvemento dunha sociedade democrática. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender favorece a forma en que o proceso de ensino-aprendizaxe se vai consolidando no alumnado. As metodoloxías empregadas nesta área estarán relacionadas co traballo de investigación, de forma que a participación e a implicación do alumnado sexan reais, así como o recoñecemento e a aceptación das normas sociais e de convivencia.

Nesta área insístitirase na relación entre o progreso persoal e o académico, xa que iso supoñerá unha das bases para que se inicien na construción do seu propio proxecto persoal de vida.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor beneficiará o alumnado, xa que se iniciará no autoconecemento a distintos niveis para poder desenvolver habilidades que o leven a tomar iniciativas emprendedoras. Estas facilitarían a asunción da complexa convivencia social, propiciando valores de interdependencia positiva e de cooperación de acordo cos valores, os dereitos e os deberes da sociedade na que se desenvolven.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.3. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. A automotivación.	B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
B1.4. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade en si mesmo e en si mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. Tolerancia á frustración.	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE
B1.7. Busca e elaboración de información por diversas fontes.	B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	<p>VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.</p> <p>VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CCEC • CAA
B2.8. Creación de textos, empregando a linguaxe verbal e non verbal, para comunicar en diferentes soportes as conclusións de investigacións realizadas sobre situacións do seu contorno.	B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	<p>VSCB2.6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.</p> <p>VSCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CD • CAA
B3.14. Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.	B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.	VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC

<p>B3.18. Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizos públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social.</p>	<p>B3.13. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos.</p>	<p>VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.</p> <p>VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL • CSIEE
<p>B3.26. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica.</p>	<p>B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.</p>	<p>VSCB3.16.2. Analiza e enxuíza criticamente os contidos do contorno dixital.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC

METODOLOXÍA

APLICADA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptada na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

Os estudantes han de formarse na reflexión e a vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria; para iso, deberán familiarizarse con aspectos como o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e así tomar conciencia da importancia de asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Debemos ter en conta que cada alumno e alumna parte dunhas fortalezas individuais, que lle axudarán a construír a súa identidade individual para poder chegar a construír unha sociedade colectiva con valores cívicos e socialmente recoñecidos.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples, como posibilidade de que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesita para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os estudantes iníciáanse no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, a toma de decisións desde xuízos morais e a resolución de problemas, polo que deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar diferentes habilidades. Estas desenvolverán a súa capacidade de crear espazos de convivencia pacífica e democrática desde uns valores socialmente recoñecidos.

Os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debe potenciar o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

Haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado (xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial) para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade.

4.6 ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional traballarase desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos e as alumnas sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos abordar unha gran variedade de situacións xa que os contextos son tan variados que pode desenvolverse dunha forma óptima a linguaxe como vehículo para poder expresarse e comunicarse a todos os niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren un adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiren as destrezas comunicativas no uso da lingua. A gama de experiencias comunicativas que se dean ao alumno serán clave para que favorezan un desenvolvemento amplo e a adquisición sexa progresiva.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual achega o alumnado a un abano de posibilidades que lle van permitir desenvolverse e integrarse con máis facilidade a diferentes niveis. Dende esta área faise imprescindible o manexo de diferentes ferramentas para a adquisición de información transformada en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A sociedade na que vivimos actualmente lévanos a tomar conciencia sobre a pluralidade na que estamos inmersos, coñecer o mundo no que vivimos e coñecer o seu contorno, dános unha perspectiva diferente; polo tanto, esta competencia vai nos axudar a entender as diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Lingua Galega e Literatura pídenos que o alumnado se mova nun marco de actitudes e valores tales como: o respecto, o exercicio activo da cidadanía, desenvolver un espírito crítico, o diálogo como ferramenta primordial para a convivencia.

Os descritores desta competencia poden axudar a conseguir o proposto.

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender lévanos a favorecer un deseño metodolóxico sistematizado que afiance todos aqueles aspectos que supoñan avance na adquisición de vocabulario, coñecemento da lingua, achegamento á literatura, consolidar o hábito lector, a creatividade e o desfrute polo estético.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente,...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos sinxelos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta área implica un proceso de ensino-aprendizaxe proactivo, polo que é necesario utilizar a lingua para adestrar diferentes habilidades de emprendimento como unha forma de favorecer o uso de diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

ÁREA DE LINGUA GALEGA LITERATURA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.</p> <p>B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.</p> <p>B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).</p>	<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.</p>	<p>GB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).</p> <p>LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.</p> <p>LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC • CSIEE
<p>B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.</p>	<p>B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.</p>	<p>LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.</p> <p>LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
<p>B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.</p>	<p>B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.</p>	<p>LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD • CSIEE

B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.	B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA
B2.15. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.	B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA
B2.16. Análise de textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	<p>LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.</p> <p>LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE • CCL
B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.	B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	<p>LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso.</p> <p>LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...</p> <p>LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.</p> <p>LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas..</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD • CSIEE • CCEC • CSC
B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, mensaxes curtas) de acordo coas características propias destes xéneros.	B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	<p>LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.</p> <p>LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC • CAA • CSIEE

<p>B3.3. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas.</p>		<p>LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.</p> <p>GB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.</p> <p>LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD
<p>B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.</p>	<p>B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.</p>	<p>LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.</p> <p>LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p> <p>LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.</p> <p>LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC • CAA
<p>B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.</p>	<p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>	<p>LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD
<p>B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.</p>	<p>B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>	<p>LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CD
<p>B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como</p>	<p>B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como</p>	<p>LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	recurso de gozo persoal.	como recurso de gozo persoal.	<ul style="list-style-type: none">• CSC• CCEC
--	--------------------------	-------------------------------	--

METODOLOXÍA

APLICADA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptada na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos, dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os alumnos iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe; por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Galega e Literatura están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contextos reais, polo que será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

USADOS 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptados na 3ª aval. á aprendizaxe non presencial)

Os recursos empregados poden favorecer a consecución dos obxectivos marcados. O nivel de dotación de recursos pode representar un factor determinante no proceso educativo, aumentando ou diminuíndo as posibilidades de éxito na consecución das metas.

Dentro dos recursos que se van usar no desenvolvemento e aplicación desta proposta destacan:

a) Recursos materiais.

Podemos empregar distintos materiais empezando polos obxectos da vida cotiá e familiar tanto convencionais coma non convencionais.

- Obxectos do contorno: produtos naturais, elementos da vida cotiá, material de refugallo.
- Materiais elaborados: material funxible, láminas, fotografías, xogos didácticos, instrumentos específicos de cada área,...
- Recursos impresos: libros do alumno, libros de consulta, revistas, xornais, folletos, fichas de traballo,...
- Material audiovisual: reprodutor de CDs, CDs, ilustracións, gravacións.

- Material informático: ordenador, ordenadores de alumno, pantalla dixital, proxector, programas multimedia educativos, recursos web.
- Recursos do profesor: guías didácticas, cadernos de actividades, libros de actividades de apoio e de ampliación.

b) Recursos humanos: mestres titores, outros mestres (especialistas, mestra de P.T.), centro (Equipo Directivo, Departamento de Orientación, Equipos Docentes), pais/nais, familias, concello e diferentes colectivos de asociacións culturais e deportivas da comarca.

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

EMPREGADOS NA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS (adaptados na aval. FINAL á aprendizaxe non presencial)

Seguirase o establecido na *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria* nesta mesma comunidade autónoma.

A avaliación terá un carácter formativo e permitirá incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo. Avaliaremos os procesos de ensino-aprendizaxe e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos de nivel e das áreas e co desenvolvemento das competencias clave.

Ao iniciar o curso realizarase unha **avaliación inicial** coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Inclúirase o análise dos informes persoais da etapa ou nivel anterior que se completará coa información das familias.

A avaliación será **continua e global** tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (flexibilización de tempo de realización de probas, redución de número de exercicios, aclaracións de enunciados, intercalar tempos de descanso,...).

No contexto do proceso de **avaliación formativa e continua**, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Os procedementos e instrumentos de avaliación fan referencia ao conxunto de estratexias a técnicas de obtención de información para guiar o proceso de avaliación do alumnado. Entre outras podemos citar:

- A observación sistemática. Rexistro anecdótico.
- Análise das producións dos/as alumnos/as. Cadernos, resumos, fichas, textos escritos ou producións orais.
- Observación das interaccións dentro do grupo e das actitudes amosadas no trato cos compañeiros/as.
- Intercambios orais co alumnado mediante entrevistas individuais, diálogos, postas en común ou debates.
- Estudo das estratexias empregadas á hora de buscar solución ós proxectos prantexados.
- Análise do interese e esforzó manifestado nas diversas actividades propostas.
- Rúbricas.
- Outras probas obxectivas, resolución de exercicios.
- Valoración da capacidade, interese, actitude, sociabilidade e corrección no trato.
- Reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, autoavaliándose dun xeito construtivo.

Os **critérios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe** das diferentes áreas serán os referentes para valorar tanto o **grao de adquisición das competencias clave** como da **consecución dos obxectivos**.

A decisión de promoción ou non será adoptada de forma colexiada pola xunta de avaliación do grupo e primará o criterio da persoa titora.

O alumnado accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos do curso ou que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Accederán igualmente ao seguinte nivel cando as aprendizaxes non acadadas non supoñan un obstáculo para cursar satisfactoriamente o seguinte nivel. Neste caso, adoptaranse as medidas de reforzo ou apoio que sexan necesarios para a recuperación das aprendizaxes.

Para a avaliación do alumnado os criterios, instrumentos e porcentaxes que se aplicarán son os que aparecen detallados a continuación:

ÁREA	CRITERIOS CUALIFIC.	INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Linguas Galega e Castelá	Traballo diario	<ul style="list-style-type: none">▪ Libro do alumno.▪ Fichas.▪ Rematar no tempo establecido.▪ Exposicións orais.▪ Composicións escritas.▪ ...	15%

	Actitude persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecto aos demais. ▪ Atención e concentración. ▪ Esfuerzo e interese. ▪ Participación activa. ▪ Coidado do material. ▪ Cumpre as normas. 	15%
	Probas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Oraís. ▪ Escritas. ▪ Outras probas. 	70%

ÁREA	CRITERIOS CUALIFIC.	INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
MATEMÁTICAS	Traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Libro do alumno. ▪ Fichas. ▪ Rematar no tempo establecido. ▪ Exposicións orais. ▪ Actividades escritas. 	15%
	Actitude persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecto aos demais. ▪ Atención e concentración. ▪ Esfuerzo e interese. ▪ Participación activa. ▪ Coidado do material. ▪ Cumpre as normas. 	15%
	Probas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Oraís. ▪ Escritas. ▪ Cálculo mental. ▪ Outras probas. 	70%

ÁREA	CRITERIOS CUALIFIC.	INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Ciencias da Natureza	Traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Caderno do alumno. ▪ Fichas. ▪ Traballos de investigación. ▪ Rematar a tarefa no tempo establecido. ▪ Exposicións orais. ▪ Traballos de investigación 	15%
	Actitude persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecto aos demais. ▪ Atención e concentración. ▪ Esfuerzo e interese. ▪ Participación activa. ▪ Coidado do material. ▪ Cumpre as normas. 	15%
	Probas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Orais. ▪ Escritas. ▪ Outras... 	70%

ÁREA	CRITERIOS CUALIFIC.	INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Ciencias Sociais	Traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Caderno do alumno. ▪ Fichas. ▪ Traballos de investigación. ▪ Rematar a tarefa no tempo establecido. ▪ Exposicións orais. ▪ Traballos de investigación 	15%

	Actitude persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecto aos demais. ▪ Atención e concentración. ▪ Esfuerzo e interese. ▪ Participación activa. ▪ Coidado do material. ▪ Cumpre as normas. 	15%
	Probas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Oraís. ▪ Escritas. ▪ Outras... 	70%

ÁREA	CRITERIOS CUALIFIC.	INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Valores Sociais e Cívicos	Traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fichas. ▪ Traballos de investigación. ▪ Rematar a tarefa no tempo establecido. ▪ Exposicións orais. ▪ Traballos de investigación 	15%
	Actitude persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecto aos demais. ▪ Atención e concentración. ▪ Esfuerzo e interese. ▪ Participación activa. ▪ Coidado do material. ▪ Cumpre as normas. 	15%
	Probas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Oraís. ▪ Escritas. ▪ Outras... 	70%

7. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Para avaliar a nosa programación docente e establecer estratexias de mellora da mesma cubriremos o seguinte cadro de rexistro:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Adquisición estándares de aprendizaxe			
Manexo dos contidos na unidade			
Realización de tarefas			
Os instrumentos de avaliación son suficientes			
O equipo de mestres de nivel coordináronse axeitadamente			
Recursos			
Atención á diversidade			

8. MÍNIMOS ESIXIBLES

APLICADOS NA 1º e 2ª AVALIACIÓN E ESTABLÉCENSE OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES PARA A AVAL. FINAL

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
LCB1.1.3.	Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.
LCB1.3.3.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> • Debates e diálogos. • Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da

	información e comunicación.
LCB1.8.1.	Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.
LCB1.10.1.	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.
LCB2.2.1.	Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.
LCB3.2.2.	Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
LCB3.6.1.	Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.
LCB3.7.1.	Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.
LCB4.2.3.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
LCB4.2.5.	Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferenza suxeito e predicado.
LCB5.1.1.	Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
LCB5.2.1.	Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
LCB5.4.1.	Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.
LCB5.5.2.	Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas.

MATEMÁTICAS

	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MTB1.5.1.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.
MTB2.1.2.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MTB2.3.1.	Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.

MTB2.8.1.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
MTB2.8.11.	Calcula tantos por cen en situacións reais.
MTB2.8.12.	Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
MTB2.9.1.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
MTB3.1.1.	Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
MTB3.2.3.	Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
MTB4.2.1.	Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.
MTB4.3.1.	Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
MTB4.4.2.	Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.
MTB5.2.3.	Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.
MTB4.6.2.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.

CIENCIAS DA NATUREZA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CNB1.1.1.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante.
CNB1.1.2.	Expresa oralmente e por escrito de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área.
CNB1.1.3.	Emprega de forma autónoma o tratamento de textos.
CNB1.3.2.	Coñece e emprega as normas de uso de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información.
CNB2.1.1.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
CNB2.2.1.	Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
CNB2.3.1.	Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
CNB2.3.3.	Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
CNB2.3.4.	Identifica algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.)
CNB3.1.1.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos : células, tecidos,

	órganos, aparellos e sistemas.
CNB3.2.1.	Identifica as características e clasifica os seres vivos: <ul style="list-style-type: none"> • Reino animal • Reino das plantas • Reino dos fungos Outros reinos
CNB3.3.1.	Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
CNB3.3.2.	Recoñece algúns ecosistemas : pradería, charca, bosque, litoral, e cidade e os seres vivos que neles habitan.
CNB3.3.4.	Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para observación científica.
CNB4.1.1.	Investiga a través de experiencias sinxelas para achegarse o coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
CNB4.1.2.	Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidacións fermentación.
CNB4.2.1.	Identifica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía, mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.
CNB4.4.1.	Identifica experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
CNB4.4.4.	Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
CNB4.4.5.	Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
CNB5.1.1.	Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas , o xeito de accionalas e a acción que realizan.
CNB5.3.1.	Identifica os elementos dun circuito eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.
CNB5.3.2.	Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.
CNB5.4.1.	Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
CNB5.4.2.	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, o cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación

CIENCIAS SOCIAIS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CSB1.2.1.	Utiliza as TIC (Internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
CSB2.1.1.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os

	signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
CSB2.3.1.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e da Europa valorando a súa diversidade.
CSB2.4.1.	Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
CSB3.1.1.	Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
CSB3.5.1.	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
CSB3.7.1.	Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles.
CSB3.7.2.	Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.
CSB4.1.1.	Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.
CSB4.3.5.	Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.
CSB 4.3.6	Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático plural, así como a pertenza á Unión Europea.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
VSCB1.3.1	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.
VSCB1.5.2	Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.
VSCB2.1.3	Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.
VSCB2.3.2	Autoafírmase con respecto.
VSCB3.4.2	Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.
VSCB3.8.1	Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...
VSCB3.9.2	Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.
VSCB3.11.2	Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.
VSCB3.13.1	Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.
VSCB3.14.4	Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.
VSCB3.17.3	Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.
VSCB3.18.2	Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico

e expón as súas conclusións

LINGUA GALEGA E LITERATURA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
LGB1.1.1.	Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
LGC1.3.1.	Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos.
LGB1.3.2.	Recoñece a retranca como un trazo característico da lingua galega.
LGB1.4.1.	Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
LGB1.4.3.	Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
LGB1.6.2.	Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
LGB1.6.4.	Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
LGB1.14.1.	Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...
LGB2.1.1.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
LGB2.1.7.	Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
LGB2.3.3.	Realiza o resumo dun texto.
LGB2.5.3.	Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
LGB2.7.3.	Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
LGB2.11.1.	Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.
LGB2.11.2.	Éxpressa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

LGB3.1.1.	Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.
LGB3.1.2.	Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
LGB3.1.4.	Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
LGB3.2.3.	Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
LGB3.4.1.	Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...
LGB4.1.1.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
LGB4.1.3	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
LGB4.3.2	Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
LGB4.7.2	Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas.
LGB4.7.3.	Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.
LGB4.8.2.	Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
LGB5.1.1.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
LGB5.1.2.	Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
LGB5.4.1.	Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.
LGB5.5.1.	Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.

LGB5.7.1.	Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.
-----------	---

9. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON ÁREAS PENDENTES

APLÍCANSE NA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS E ESTABLÉCENSE ADAPTADOS ÁS CIRCUNSTANCIAS DUNHA APRENDIZAXE NON PRESENCIAL NA AVAL. FINAL

Neste sexto nivel de Educación Primaria hai alumnos/as con asignaturas pendentes, polo que se levarán a cabo distintas medidas de reforzo como adaptacións metodolóxicas de agrupamento, de espazos e tempos, grao de complexidade das actividades, actividades alternativas e/ou complementarias, intercalado de períodos de descanso...Hai un alumno que precisa unha ACS.

Algúns destes alumnos/as acudirán a aula específica para recibir reforzo educativo, impartido polas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

APLÍCANSE NA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS E ESTABLÉCENSE ADAPTADAS ÁS CIRCUNSTANCIAS DUNHA APRENDIZAXE NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo así como para adoptar medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno/a. Para obter esta información empregamos diferentes instrumentos como informes dos titores anteriores, cuestionarios, entrevistas individuais, avaliacións iniciais...

Unha educación de calidade será a que asuma as diferenzas interindividuais e trate de convertilas nun elemento potenciador da aprendizaxe e iso é o que queremos conseguir. Rexirémosnos polo principio de normalización tratando de poñer énfase na idea de que o desenvolvemento do noso alumnado require da intervención dos demais en distintas formas.

A respostas, contempladas no Decreto 229/2011, e que nós aplicaremos son:

- Os niveis de concreción curricular de que dispón o noso sistema educativo supoñen a adaptación progresiva do currículo común para todo o alumnado.
- Solicitaremos a dotación de servizos específicos en función das necesidades educativas tan pronto como estas sexan detectadas coordinando a labor de todos os mestres que incidamos no proceso ensino – aprendizaxe e, dun xeito moi especial, coas mestras de P.T. e A.L.
- Actividades de ampliación para o alumnado que supera con facilidade os obxectivos.
- Ensino o máis personalizado posible, tendo en conta o número de alumnado por aula.
- Estableceremos unha organización escolar flexible e ao servizo das necesidades detectadas: horarios e espazos flexibles, coordinación dos equipos docentes,...

- Mantemos tamén unha estreita colaboración co Departamento de Orientación que no seu Plan de Orientación Educativa recolle programas de orientación dirixidos a optimizar os procesos de aprendizaxe e a consecución das CCCC.

Partindo do principio de individualización deseñaremos actividades de reforzo e ampliación, empregando unha metodoloxía que permita diferentes ritmos de aprendizaxe. Contemplamos a asignatura de **Libre Configuración** como **Titoría**.

11. EDUCACIÓN EN VALORES

APLÍCASE NA 1ª e 2ª AVALIACIÓNS E ADÁPTASE AO ENSINO NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.

Fomentaremos a calidade, equidade e inclusión educativas das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e a non discriminación por discapacidade, medidas de flexibilidade e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Promoveremos o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, así como a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Promoveránse tamén accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

APLÍCASE NA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS E ADAPTADAS AO ENSINO NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL.

O noso centro inclúe dentro do seu proxecto educativo un programa de promoción da lectura, o Proxecto Lector do Centro, onde se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio das competencias clave.

Contamos cunha biblioteca escolar de centro, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura, como centro de referencia de recursos, da lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro para o alumnado que facilita a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

O alumnado de 6º curso adica 20 minutos diarios ao fomento da lectura. Dispoñemos dunha biblioteca de aula con exemplares pertencentes aos distintos xéneros aportados pola biblioteca, pertencentes á aula e polos propios alumnos.

Desenvolveremos a comprensión lectora. Aprenderemos a ler textos diferentes, en soportes variados, con obxectivos e formas de lectura diferentes.

Fomentaremos o hábito lector e a formación do lector literario: querer ler, disfrutar da lectura e integrar esta na vida persoal.

Leremos para aprender, saber empregar as estratexias lectoras adecuadas, as tarefas concretas de aprendizaxe, segundo as características de cada situación e de cada materia.

Os/as alumnos/as farán recomendacións de lectura aos seus compañeiros/as, favorecendo así o intercambio de libros e compartindo o gusto e animación á lectura.

No mes de setembro o equipo do Proxecto Lector propondrá as lecturas e actividades que se consideren axeitadas para cada nivel das que nós tamén disfrutaremos.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

APLÍCASE NA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS E ADAPTADAS AO ENSINO NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL. AO ENSINO NON PRESENCIAL

As TIC son unha ferramenta ao servizo do proceso de ensino – aprendizaxe e, polo tanto, o seu éxito na incorporación á práctica docente residirá na súa integración nun modelo educativo coherente no que deben ter cabida moitos materiais didácticos e variadas formas de traballar.

As TIC non deben eliminar nin excluír outros medios materiais e recursos didácticos, a súa utilización debe ser programada nos diferentes niveis de concreción do currículo e ser un instrumento máis na aula convivindo con outros máis convencionais e tradicionais.

Aproveitaremos o seu uso para:

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen pautas axeitadas para chegar á información a través das TIC.

- Fomentar o espírito crítico coa información obtida.
- Utilizar as posibilidades de orden como ferramenta e medio para reforzar ou adquirir coñecementos ou habilidades.
- Empregar netbooks, estamos no proxecto Abalar; ordenador persoal e ordenador de aula para traballo interactivo persoal, busca de información, elaboración de pequenas presentacións....
- Descargar libro de texto nalgún soporte para poder traballar nel.
- Empregar software educativos adecuados ao nivel.
- Colaborar co blogue do Centro.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

APLÍCASE NA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS E ADÁPTATASE AO ENSINO NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL.

O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorporan unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto e a alusión, igualmente explícita, a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Así, na educación, primaria é especialmente salientable que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo desta etapa serán tratadas de xeito integrado buscando espertar a curiosidade e o interese por outras linguas e culturas distintas da propia promovendo o respecto cara as persoas falantes destas linguas.

No 6º curso de E.P. impártese a área de Educación Plástica en inglés.

No mes de setembro o equipo de Dinamización do Proxecto Lingüístico dará a coñecer as propostas de actividades a realizar no presente curso e decidiremos a nosa participación naquelas que se consideren axeitadas a este nivel educativo.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

APLÍCANSE NA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS E ADÁPTATASE AO ENSINO NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL.

As accións a desenvolver para contribuir ao Plan de Convivencia desde o 6º nivel de E.P. son:

- Actividades para favorecer a acollida, a integración e a participación do alumnado.

- Actividades para favorecer a convivencia dentro do grupo clase (establecemento de normas de aula, traballos colaborativos, encargados de aula con reparto de funcións,...)
- Potenciación da solución pacífica de conflitos. Conmemoración do día da Paz.
- Desenvolvemento das habilidades sociais do alumnado (programa do D.O.).
- Actividades de sensibilización fronte ao acoso escolar.
- Actividades de sensibilización da comunidade educativa na igualdade de xénero.
- Actividades para a prevención da violencia sexista.
- Fomento do respecto e coidado dos espazos común.
- Día internacional da Muller.
- Potenciación da solución pacífica dos conflitos. Este curso implementamos un novo programa de mediación escolar, para o cal os alumnos foron preparados no curso anterior.
- Desenvolvemento das habilidades sociais e da intelixencia emocional do alumnado.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRESCOLARES

REALÍZANSE NA 1ª E 2ª AVALIACIÓN E ADÁPTATASE AO ENSINO NON PRESENCIAL NA 3ª AVAL.

O alumnado do 6º nivel de Educación Primaria participará naquelas actividades que propoña o Equipo de Actividades Extraescolares do centro que se consideren axeitadas a este nivel para as celebracións de Magosto e Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas e fin de Curso.

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Son organizadas por niveis.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na P.X.A., aprobada polo Consello Escolar realízanse fóra do horario lectivo. Son organizadas polos niveis, as AMPAS, o Concello ou outras organizacións.

Entre os obxectivos que perseguen estas actividades podemos destacar:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades académicas.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao ámbito físico e cultural que o rodea.
- Fomentar unha maior motivación e a participación activa do do alumno en actividades de tipo cultural, de ocio e tempo libre.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes axeitadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Favorecer a colaboración e coordinación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Establecer vínculos entre o centro e aquelas institucións como fundacións, concellos e diversas entidades locais que desenvolven actividades culturais e deportivas.

As saídas fóra do centro desempeñan un importante papel no ensino de todas as áreas ao facilitar a observación e o encontro co medio natural, social, cultural e laboral e os procesos e fenómenos que neles teñen lugar. O seu emprego favorecerá o

desenvolvemento de contidos de interese para diversas áreas curriculares, ademáis de contribuír ao desenvolvemento de competencias clave. Estas saídas deben ter:

- Fins educativos, xa que deben servir para ampliar os coñecementos dos alumnos e obter unha actitude nova que lle permita ir desenvolvendo aspectos relacionados con aprender a ser, aprender a coñecer, aprender a facer e aprender a vivir xuntos.
- Carácter motivador, para que o alumno poida desenvolver a súa capacidade creativa e as súas propias alternativas para afrontar os problemas.
- Carácter sensibilizador, ao favorecer unha maior apertura a outras realidades.
- Carácter socializador, xa que a saída debe desenvolverse como actividade de grupo.

O concello de Oleiros ofrécenos unha ampla gama de actividades culturais (coñecemento do entorno, actividades de biblioteca, colaboración con asociacións culturais diversas...) nas que estamos dispostos/as a participar, quedando a espera da súa confirmación.